

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------|----------|---------------|
| 15009071 | CPI Castro Baxoi | Miño | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|--|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Descubrimiento e exploración da contorna | 4º Inf. | 8 | 280 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas. | 1 | | | 1 | | | | 1 |
| OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Hábitos e rutinas | Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos todo tipo de actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais que faciliten o descubrimento da contorna física e social, sempre dende o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación ao centro e á aula. Incluirase aquí o período de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, identificación dos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc | 40 | X | | |
| 2 | A auga na nosa vida | Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Favoreceremos o traballo de propostas centradas na familia e na escola como primeiros contextos de socialización e fonte de estímulos, xerando vínculos de confianza, empatía e apego nos que se baseará o seu desenvolvemento persoal e aprendizaxe social. Valorar a importancia e o uso da auga na nosa vida. Realización de experimentos ca auga. Fomentar o uso racional da auga. | 40 | X | | |
| 3 | Descubrimos argallando | Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As actividades relacionadas co patrimonio e manifestacións artísticas da contorna serán o eixo desta categoría. | 40 | X | | |
| 4 | Os piratas nos océanos | Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, profesións... Interesa desenvolver de xeito progresivo actividades encamiñadas a potenciar o método científico, o pensamento computacional, a iniciativa investigadora e a curiosidade polo coñecemento e o descubrimento. Os piratas serven de fío condutor do proxecto anual do centro, que este ano son "Os océanos", ademais é unha temática de moitos dos seus xogos, contos, no que deixemos voar a súa imaxinación e que nos servirá para aprender a súa forma de vida, vestimenta, costumes, os seus barcos. | 40 | | X | |

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 5 | Que frío vai!!! | Categoría na que traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, ben a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, ben traballando na horta, descubriendo aspectos da agricultura, etc. Se promocionarán actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto por un desenvolvemento sostible. | 40 | | X | |
| 6 | A vida nos océanos | Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, á relación cos seres humanos... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras. Seguindo co proxecto anual, trataremos de afondar no mundo mariño, coñecendo a importancia do seu coidado, as súas características, comportamento da flora e da fauna. | 40 | | | X |
| 7 | A miña terra | Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, como á relación que poda ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e outros aspectos relacionados. Se potenciarán propostas centradas no coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna. | 40 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 1 | Hábitos e rutinas | 40 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Explora algún dos atributos de diferentes obxectos a través da manipulación | TI |
| CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas. | Recoñece algún cuantificador básico. | |
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. | Iniciase nas habilidades de cálculo e recoñecemento dos números. | |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Recoñece algunha forma xeométrica básica. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes. | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Representa graficamente a súa situación no espazo. | |
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Participa en actividades manipulativas de calquer tipo. | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Identifica nocións temporais básicas. | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Emprega o corpo para facer medicións sinxelas. | |
| CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais. | Deseña solucións para resolver diferentes situacións problemáticas e/ou retos. | |
| CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas. | Adapta o seu comportamento para superar situacións problemáticas. | |
| CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten. | Emprega estratexias, con axuda, e diseña solucións para resolver retos. | |
| CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional. | Participa en actividades de resolución de tarefas analóxicas e dixitais. | |
| CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas. | Participa en propostas cooperativas e valora as aportacións alleas. | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Participa en actividades STEAM. | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Recoñece algunhas situacións perxudiciais para o medio natural. | |
| CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. | Recoñece familia e escola como principais fontes de benestar afectivo. | |
| CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna. | Relacionase con algunha persoa da súa contorna. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos. | Identifica diferentes modelos de familia e parentesco. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 2 | A auga na nosa vida | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica algúns elementos naturais imprescindibles na vida das persoas. | TI |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición, propia ou allea. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 3 | Descubrimos argallando | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Participa activamente nalgunhas actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Participa nalgunhas actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 4 | Os piratas nos océanos | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Participa activamente nalgunhas actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica algúns elementos naturais imprescindibles na vida das persoas. | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|-----------|
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | Que frío vai!!! | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|-----------|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica algúns elementos naturais imprescindibles na vida das persoas. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Diferencia algúns seres vivos e inertes. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 6 | A vida nos océanos | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Participa activamente en actividades de observación , formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Diferencia algúns seres vivos de inertes. | |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribue ao seu coidado. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. respecto dos seus dereitos. - respecto e protección do medio natural. respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7 | A miña terra | 40 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos. | TI |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Diferencia algunhas profesións da súa contorna. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sáns e sostíbeis, así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos, onde o alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical |
| Material funxible: convencionais e non convencionais |
| Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...) |
| Material visual: carteis, bits, láminas... |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes... |
| Material curricular: Curriculum, P.E... |
| Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, Kamisibai, títeres... |
| Materil de psicomotricidade: bloques de gomaespuma de psicomotricidade, aros, colchonetas, pelotas, zancos, saquitos de arena, conos, petos, bancos suecos |
| Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas... |
| Material de xogo simbólico |
| Materiais para educación musical: instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI), pelota, cinta de cores, globos, campás afinadas, metalonotas, tarxetas con imaxes de instrumentos, memoria USB con arquivos de audio, alfombra de pegadas de pés |
| Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc) |

Os materiais son elementos mediadores no proceso ensino-aprendizaxe que condicionan a actividade infantil e, consecuentemente, a calidade das aprendizaxes.

Tanto os materiais didácticos como os curriculares adaptáranse os tipos de contidos, ás características e necesidades do contexto educativo no que nos atopamos e, consecuentemente ás características, idades, necesidades e intereses do alumnado, de forma que favorezan o desenvolvemento sensorial e motor, a manipulación a interacción, observación e experimentación, o pensamento lóxico, a representación ou a comunicación oral.

Os materiais estarán dispostos de xeito que o alumnado teña fácil acceso aos mesmos e serán seleccionados tendo en conta unha serie de criterios básicos. Así os materiais que utilizemos serán resistentes, funcionais, fáciles de transportar e limpar, estéticos, atractivos, sólidos, variados, non tóxicos, seguros, manexables e versátiles permitindo diferentes graos de uso en función das necesidades de cada situación e momento. Utilizaranse todos os recursos que se consideren oportunos, intentando aproveitar situacións que xurdan, momentos específicos... todo o que por motivador, diferente ou novo, produza interese ao alumnado teremos en conta:

-Recursos persoais: titoras, familias, especialistas, mestras de apoio..

-Recursos espaciais: aula, aseos, patio, xardíns...

-Recursos materiais: este curso o equipo de infantil orientase cara o traballo por proxectos (están enlazados co eixe central proposto dende a biblioteca do centro, que este ano son "Os océanos")

Ademais, traballarase con materiais funxibles, impresos e audiovisuais, psicomotrices, que poderán ser específicos (libros de texto, regretas, bloques lóxicos, crebacabezas, instrumentos musicais, láminas motivadoras, computadoras, tablets, aparatos reprodutores de música...), de refugallo (envases de iogur, chapas, rolos de cartón...), e do medio natural e sociocultural (pedras, area, paus,).

Traballaremos tamén con materiais innovadores como unha mesa de luz, escornabots, tablets e encerados dixitais.

Nos proxectos involucraremos ás familias, enviando unha nota completada polo alumnado no que poidan traer recortes, contos, cancións, poesías, experimentos...que poidan explicar na aula e que nos servirá de fío condutor das tarefas posteriores.

Tamén faremos uso da biblioteca do centro para coller exemplares que nos sirvan para profundizar no tema.

Usaremos scarnabots, tablets, PDI, indagaremos en blogs, páxinas web...

Materiais funxibles: témperas, acuarelas, folios, xornais, revistas, papeis de diferentes tipos...fomentado a creatividade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial se levará a cabo unha vez superado o período de adaptación e tendo en conta a información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e mailo Decreto 229/2011 do 7 de decembro ampliado na Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a nosa intervención educativa contemplará como principio, a diversidade do alumnado.

Partimos da concepción de que todo grupo é heteroxéneo, xa que na aula conviven nenos e nenas con distintas bagaxes culturais, biolóxicas, con diferentes ritmos de aprendizaxe... o que chamamos diversidade. Esa diversidade entenderase como un elemento enriquecedor para configurar a súa personalidade e aproveitarase para o coñecemento doutras realidades culturais, familiares, hábitos, celebracións... que axudará a unha aceptación das diferenzas e características dos demais.

Empregaremos sempre unha atención individualizada esixindo a cada alumno/a segundo as súas posibilidades e adaptando en todo momento cada actividade, para que todos/as as poidan realizar.

Dende o Departamento de Orientación tomaranse as medidas necesarias segundo as necesidades que se atopen. Contamos con dúas mestras de apoio que desenvolven labores de reforzo nas aulas onde hai casos que así o requiren.

Dende a metodoloxía escollida asegurárase un correcto tratamento da diversidade que nos permita xerar un conxunto de propostas que favorezan unha resposta axeitada as distintas necesidades, intereses e capacidades do alumnado, respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

O tratamento e as medidas de atención á diversidade que se adopten irán encamiñadas en todo momento a lograr que todo o alumnado acade os obxectivos xerais e serán levadas a cabo baixo os principios de normalización (adoptando en primeiro lugar as medidas máis ordinarias posibles de intervención para deixar para o último caso as máis extraordinarias) e o de inclusión (facendo que todos os rapaces e rapazas compartan os mesmos espazos, participando activamente). Para atender á diversidade que se presenta na aula, teremos en conta:

¿ A modificación dos tempos nas actividades segundo os ritmos de cada neno e nena.

¿ A adaptación da axuda pedagóxica segundo os resultados obtidos.

¿ A adecuación dos contidos e da metodoloxía ás necesidades dos nenos e do momento.

¿ A adaptación das actividades aos alumnos e alumnas.

¿ Os procesos de socialización e a formación en valores.

¿ Os problemas de convivencia.

¿ A manipulación a diversidade de materiais e recursos.

¿ A axeitada relación coas familia dos nenos.

¿ Os medios humanos e os recursos para a prevención de posibles deficiencias.

¿ A adaptación da programación, xa que ten un carácter aberto e flexible.

¿ A integración de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Dende o Departamento de Orientación e ca axuda dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe trazarán coordinacións axeitadas para poder tratar de maneira axeitada este alumnado no caso de que se presente necesidade ó longo do curso, ademais dos casos que xa están diagnosticados de cursos anteriores

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | | X | X | | | | |
| ET.2 - Autonomía e hábitos de control corporal | | X | | | | | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | X | | X | | | |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | | | | | X | X | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | | | X | | X | | |
| ET.6 - Imaxe positiva de si mesmos e libre de estereotipos | | X | | X | | | X |
| ET.7 - Descubrimento da contorna | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Promoción e educación para a saúde fomentando hábitos saudables | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación en valores | X | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|-------------------------------------|--|
| Concerto de Migallas | No centro no 1º trimestre |
| Bombeiros de Ferrol | No 2º trimestre relacionado coa materia que estamos a traballar. |
| Ópera " Carapuchiña Vermella" | Actividade lúdica proposta pola mestra de música. |
| Granxa de Bellelle | Actividade lúdica para descubrir a contorna e paracelebrar o final de curso. |
| Merenda e xogos na praia da Ribeira | Actividade para coñecer o noso pobo e fomentar as actividades de gran grupo. |
| Saídas polo entorno | Aquelas que xurdan nalgún dos trimestres relacionadas cos proxectos. |
| Conmemoracións e festas | As establecidas na orde 20 de maio de 2022 do calendario escolar. A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, etc) |

Observacións:

Os bombeiros e a ópera están pendentes de confirmación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Elementos curriculares presentes nas actividades |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados |
| Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades |
| Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación. |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades |
| Temporalización de actividades adecuadas |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Existe coordinación co equipo docente. |
| Promóvese a participación das familias. |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas. |
| Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado. |

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

Consideramos a avaliación como un elemento esencial no proceso ensino- aprendizaxe, entendéndoa como un instrumento de mellora deste.

Os mestres e mestras, que impartimos clase no ciclo avaliaremos tamén, ademais dos procesos de aprendizaxe a nosa práctica educativa, os procesos de interacción afectiva e de comunicación efectiva das persoas implicadas no feito educativo, a optimización das condicións organizativas e recursos dispoñibles e a adecuación das programacións e do proxecto curricular.

Na avaliación da propia práctica incluiremos referencias a aspectos tales como:

1. A organización da aula.

¿ Tempos: se foron flexibles, se se respectaron os ritmos xerais e particulares.

¿ Espazos: se se organizou e aproveitou adecuadamente o espazo

2. Materiais.

¿ Se foron: educativos, motivadores, axeitados, socializantes, non sexistas, atractivos, suficientes,¿

3. Aproveitamento dos recursos do centro.

¿ Se foron axeitados, suficientes, atractivos...

4. A relación entre profesorado e alumnado.

- ¿ Se se estableceron lazos afectivos seguros
- ¿ Se se creou un ambiente escolar seguro para a relación docente-alumnado.
- ¿ Se se percibe un ambiente de confianza, distendido, fluído, relaxado,¿

5. A relación familia-centro.

- ¿ Se as familias se implicaron no proceso de E-A do alumnado.
- ¿ Se se facilitou a participación das familias na dinámica da aula.

6. A relación entre docentes.

- ¿ Se conseguimos manter a coordinación dentro do ciclo.
- ¿ Se creamos e mantivemos un clima agradable de traballo.
- ¿ Se potenciamos o traballo en equipo.

7. A convivencia entre o alumnado.

- ¿ Se favorecemos a convivencia do alumnado dende a organización do ambiente escolar.
- ¿ Se promovemos momentos de relación entre o alumnado, como por exemplo o xogo nos distintos recunchos.

En canto aos momentos de avaliación, centrarémonos en tres momentos principais:

1. Inicial

- ¿ Por nivel, ao principio do curso recolleranse nunha ficha de avaliación inicial o nivel de desenvolvemento de cada nena e neno.
- ¿ Ademais, ó comezo de cada proxecto, realizarase unha avaliación de coñecementos previos.

2. Procesual

- ¿ Durante a posta en práctica de cada proxecto irase recollendo información sobre os progresos que se vaian facendo.

3. Final

- ¿ Ao final cada proxecto avaliaranse os procedementos e destrezas adquiridas durante a posta en práctica do mesmo. Os resultados anotaranse nos anecdotarios de aula elaborados por cada titora apropiado ó proxecto feito.
- ¿ Ao final do trimestre recolleranse os progresos nun boletín trimestral que se entregará a cada familia. Cubrirase na aplicación XADE.
- ¿ Ao remate do curso cubrirase unha ficha de avaliación final que se gardará no expediente do alumno/a.
- ¿ Ao final da etapa, cubrirase un informe de avaliación final da etapa do alumnado que remata a Educación Infantil.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados